

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de xullo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 5209 (10/POC-002070)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre os datos referidos á programación e aos contidos emitidos pola RTVG durante o ano 2016 para promover a igualdade entre homes e mulleres, así como as medidas implementadas pola CRTVG nos últimos anos para ese fin
- 1.2 7852 (10/POC-002086)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a cobertura informativa dada pola TVG o día 4 de abril de 2017 á presentación do Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017
- 1.3 8169 (10/POC-002092)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a valoración da CRTVG en relación coa emisión desde o ano 1991 do programa "O Agro", as súas previsións respecto da súa eliminación da programación da TVG e, sé e o caso, as razóns desa decisión, así como a renovación do convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a súa emisión e a valoración da posibilidade de destinar espazos á posta en valor do medio rural entre as persoas máis novas
- 1.4 8278 (10/POC-001438)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 5 máis
Sobre as previsións da CRTVG referidas á elaboración dun plan de visibilización na Radio e na Televisión de Galicia do papel das mulleres no deporte, así como das deportistas galegas que destacan nas distintas

disciplinas, co fin de crear referentes para as rapazas novas ou para as que comezan a súa práctica deportiva

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

- 1.5 9284 (10/POC-001607)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as razóns da CRTVG para non emitir información respecto do arquivo pola Audiencia Provincial da denuncia dun xornal referida ás afirmacións realizadas polo alcalde de Santiago de Compostela nas redes sociais en relación coa situación fiscal do grupo Editorial Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017
- 1.6 9338 (10/POC-001616)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns da desaparición da programación cultural da grella da Televisión de Galicia de xeito progresivo, a suficiencia do espazo "Zig Zag Diario" para o cumprimento do obxectivo de información e promoción da diversidade cultural de Galicia e a valoración pola Dirección da CRTVG da posibilidade de contar con novos espazos culturais, así como as súas previsións respecto do desenvolvemento dalgún espazo específico dirixido aos artistas e ás bandas musicais galegas semellante ao desaparecido "Directos da Galega"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017
- 1.7 9492 (10/POC-001636)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre os datos referidos ao documental titulado "Fátima en Galicia", emitido nas diferentes canles da Televisión de Galicia, así como as previsións da Dirección da CRTVG respecto da emisión no ano 2017 de máis documentais de temática relixiosa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017
- 1.8 10387 (10/POC-001771)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os cambios no organigrama e na programación da CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017
- 1.9 10624 (10/POC-001817)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a información emitida o día 7 de marzo de 2017 no Telexornal Serán, da TVG, en relación co desenvolvemento da sesión plenaria do

Parlamento de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137, do 29.06.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 5209(10/POC-002070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os datos referidos á programación e aos contidos emitidos pola RTVG durante o ano 2016 para promover a igualdade entre homes e mulleres, así como as medidas implementadas pola CRTVG nos últimos anos para ese fin

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A violencia contra as mulleres é un problema social, de graves consecuencias para o conxunto da sociedade con efectos perversos para as afectadas, que vén gravemente prexudicada a súa saúde integral e o seu desenvolvemento persoal, profesional, económico e laboral.

Abordar o fenómeno da violencia machista sitúanos ante unha problemática de carácter estrutural, de gran complexidade, para cuxa resolución se fai necesario un novo escenario político e social que promova os valores igualitarios e democráticos, as liberdades e os dereitos fundamentais, así como a garantía efectiva da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

O movemento feminista e as actuacións políticas son fundamentais na loita contra a violencia machista, pero a cidadanía non coñece o problema a través de activistas ou de políticos, senón dos medios de comunicación.

Os medios, a publicidade e, en definitiva, o valor da imaxe como reprodutora ou eliminadora de estereotipos sexistas debe velar por unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes nos medios de comunicación e na publicidade. Os principais problemas nesta materia detectados son o uso de imaxes e linguaxe sexistas, o menoscabo da dignidade das mulleres, e a reprodución de roles e estereotipos de xénero. Para acadar o obxectivo dunha imaxe igualitaria e non estereotipada de homes e mulleres resulta imprescindible contar coa complicidade e colaboración das persoas directamente involucradas na comunicación e na publicidade: profesionais, persoas consumidoras, estudantes das titulacións relacionadas e, como non, os principais medios de comunicación do ámbito galego que, co seu compromiso e exemplo, se sitúen na vangarda da creación de novos modelos para a igualdade.

Neste senso, dende o Grupo Socialista consideramos que os medios de



comunicación públicos de Galicia teñen un papel fundamental na promoción da sensibilización a prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes, co obxectivo de remover os valores, actitudes e estereotipos que sustentan un clima social tolerante coa desigualdade, así como con calquera acción ou inacción que teña como consecuencia un acto discriminatorio ou violento por razón de xénero, afianzando a toma de conciencia da sociedade sobre a necesidade de traballar na consolidación dun modelo social máis igualitario.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi durante o ano 2016 a programación (desagregada por medio) dedicada á promoción da igualdade entre homes e mulleres da radio e televisión públicas galega?
2. En que horarios se emitiu dita programación?
3. Cal foi a audiencia deses espazos ou programas?
4. Qué medidas ten implementado durante os derradeiros anos a CRTVG para potenciar nos seus espazos e programas a presenza dunha imaxe igualitaria, así como a eliminación do uso de imaxes e linguaxe sexistas, o menoscabo da dignidade das mulleres, e a reprodución de roles e estereotipos de xénero?
5. Cal foi durante o ano 2016 o número de contidos (desagregado por medio), de inclusión do teléfono 016 nas informacións da Radio Galega e da Televisión de Galicia sobre casos de violencia machista, para favorecer a prevención e detección precoz de situacións de risco?
6. Que audiencia tiveron os espazos ou programas nos que se incluíu o teléfono 016?
7. Cal foi durante o ano pasado o número de contidos (desagregado por medio), emitidos na Radio Galega e na Televisión de Galicia de noticias, de reportaxes e programas que promoveran o cambio cultural e de valores en relación coa igualdade de xénero?
8. Que audiencia tiveron as noticias, de reportaxes e programas os espazos ou programas nos que se emitiron contidos que promoveran a igualdade de xénero?
9. Cal foi durante o ano 2016 o número de contidos publicados na canle temática da web da CRTVG que reúne os contidos emitidos pola Televisión de Galicia relacionados coa igualdade de xénero?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5209
Data envío: 15/02/2017 16:28:34.213



 Grupo Parlamentario

10. Cal foi o número de visitas rexistradas nesta canle temática durante o ano 2016?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/02/2017 16:23:52

María Luisa Pierres López na data 15/02/2017 16:23:58

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 15/02/2017 16:24:03

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 7852(10/POC-002086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a cobertura informativa dada pola TVG o día 4 de abril
de 2017 á presentación do Proxecto de lei de orzamentos
xerais do Estado para o ano 2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez, Abel Losada Álvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Ministro de Facenda, Cristóbal Montoro, entregou o pasado día 4 de abril á presidenta do Congreso, Ana Pastor, o Proxecto de orzamentos xerais de 2017 que, a diferenza doutros exercicios, comezará a súa tramitación parlamentaria ben comezado o seu ano de aplicación.

Ao tratarse da lei máis importante que un goberno promulga nun ano, ao determinar a súa política na maior parte dos ámbitos, e ademais ser a base sobre a que se moverá a economía do Estado, é habitual que a súa tramitación teña un ampla cobertura nos medios de comunicación. Pola repercusión que teñen tamén para Galicia, a CRTVG soe facer un seguimento informativo da tramitación dos orzamentos do Estado dende a súa presentación como proxecto (analizando as partidas destinadas a nosa comunidade), ata a aprobación do mesmo.

Nas emisións dos informativos do 4 de abril, a TVG realizou unha visión sesgada e partidista dos mesmos, así como unha clara manipulación dos datos referidos aos orzamentos destinados a proxectos en Galicia, destacando que somos a segunda comunidade en investimento per cápita, cando o realmente salientable é que para Galicia son os de menor contía dende o ano 2004. Os e as socialistas temos denunciado en numerosas ocasións que esta manipulación a que nos ten acostumados a TVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma, e desnaturaliza a súa misión democrática.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Que valoración fai a CRTVG da cobertura informativa que a TVG realizou o día 4 de abril sobre a presentación do Proxecto de orzamentos do Estado?
2. Considera a CRTVG que a información que se deu nos telexornais do día 4 de abril sobre a repercusión dos orzamentos do Estado para Galicia, cumpriu cos criterios de imparcialidade política que se lle presupoñen a unha canle pública?
3. Cantos segundos de espazo informativo se dedicou nos informativos do mediodía e do serán á valoración da repercusión dos orzamentos do Estado por parte de cada grupo político?
4. Ten previsto a CRTVG poñer en marcha algún mecanismo para evitar que se volvan a repetir nos telexornais da TVG episodios de manipulación informativa?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/04/2017 13:55:11

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/04/2017 13:55:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/04/2017 13:55:35

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 13:56
Nº Rexistro: 7852
Data envío: 10/04/2017 13:56:30.105



 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/04/2017 13:55:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 8169(10/POC-002092)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da CRTVG en relación coa emisión desde o ano 1991 do programa "O Agro", as súas previsións respecto da súa eliminación da programación da TVG e, sé e o caso, as razóns desa decisión, así como a renovación do convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a súa emisión e a valoración da posibilidade de destinar espazos á posta en valor do medio rural entre as persoas máis novas



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Agro é un microespazo da CRTVG, que leva en antena dende o 1991, que ofrece información sobre a actualidade agrogandeira, forestal, e natural de Galicia, así coma as últimas cotizacións dos mercados galegos de gando. Dito programa desenvólvese entre outros, a través dun convenio de colaboración entre a CRTVG e a Consellería de Medio Rural, que realiza unha achega económica para a emisión do mesmo.

O Grupo Parlamentario Socialista amósase preocupado polos crecentes rumores de que a CRTVG ten previsto en próximas datas eliminar da programación da televisión pública galega este espazo vinculado a un sector produtivo estratéxico, e cunha identidade propia fondamente arraigada na poboación galega.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a CRTVG da emisión durante este tempo do programa O Agro?
2. Vai eliminar a CRTVG da programación da televisión pública galega o programa O Agro?
3. En caso afirmativo, cales son os motivos desta decisión?
4. Ten previsto a CRTVG renovar o convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural para a emisión do programa O Agro?
5. En caso afirmativo, cando se vai producir a renovación de dito convenio?
6. Valora a CRTVG a posibilidade de dedicar espazos a poñer en valor entre os máis novos o noso medio rural?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8169
Data envío: 21/04/2017 14:08:36.738



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/04/2017 14:01:15

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/04/2017 14:01:20

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/04/2017 14:01:26

José Antonio Quiroga Díaz na data 21/04/2017 14:01:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 8278(10/POC-001438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 5 máis

Sobre as previsións da CRTVG referidas á elaboración dun plan de visibilización na Radio e na Televisión de Galicia do papel das mulleres no deporte, así como das deportistas galegas que destacan nas distintas disciplinas, co fin de crear referentes para as rapazas novas ou para as que comezan a súa práctica deportiva

Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.

A Primeira Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte desenvolveuse en 1994 en Brighton (GB), da que saíu a Declaración de Brighton e a creación do Grupo de Traballo Internacional sobre a Muller e o Deporte.

En 1995 incluíuse o deporte no Programa de Acción de Beijing e despois no documento de seguimento Beijing+5, cinco anos máis tarde.

A Segunda Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte tivo lugar en 1998 en Windhoek, Namibia. A chamada á *Acción de Windhoek* pretendía ser máis ca un simple chamamento á maior participación da muller en actividades e organizacións deportivas, senón facer do deporte un medio para alcanzar obxectivos máis vastos en materia de saúde, educación e dereitos humanos, idea retomada pola Terceira Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte en 2002 en Montreal, Canadá.

Esta óptica integra o deporte en proxectos de desenvolvemento comunitario, en campañas de información sobre a saúde e outros temas, así como en campañas nacionais de promoción da equidade de xénero e dos dereitos humanos.

O Consello Superior de Deportes de España, como órgano reitor para temas deportivos aprobou o 29.01.2009 o “Manifesto pola igualdade e a participación da muller no deporte” e o 6 de marzo de 2012 fixo a adopción formal da declaración de Brighton. Partido dos Socialistas de Galicia.

O 13 de abril de 2012 publicouse no DOG a Lei 3/2012, do 2 de abril, de deportes de Galicia, na que no seu artigo 3 recolle os seus principios reitores que, entre outros, recolle o dereito de toda a cidadanía a coñecer e practicar deporte en



Grupo Parlamentario

termos de igualdade e adaptada ás condicións de cada individuo, así como o impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva e a optimización e complementariedade dos recursos públicos existentes e a concorrencia da participación privada.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O 13 de abril de 2012 publicouse no DOG a Lei 3/2012, do 2 de abril, de deportes de Galicia, na que no seu artigo 3 recolle os seus principios reitores que, entre outros, recolle o dereito de toda a cidadanía a coñecer e practicar deporte en termos de igualdade e adaptada ás condicións de cada individuo, así como o impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva e a optimización e complementariedade dos recursos públicos existentes e a concorrencia da participación privada.

O propio informe de impacto de xénero no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2017, no programa 441A-Promoción da actividades deportiva, establece que as actuacións que se financian dentro deste programa de gasto teñen como obxectivos prioritarios a explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de novas infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte.

Polo que o obxectivo que se pretende é acadar un deporte máis xusto sen discriminación, onde os recursos, as oportunidades e os recoñecementos sexan distribuídos de forma equitativa.

Sobre a base deste obxectivo, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a CRTVG elaborar un plan de visibilización sobre o papel das mulleres nas actividades deportivas na radio e na televisión de Galicia.

2ª) Ten previsto a CRTVG elaborar un plan de visibilización das mulleres galegas que destacan nas distintas disciplinas deportivas co fin de crear referentes para as rapazas máis novas ou que comezan a súa práctica deportiva, tanto na radio como na televisión de Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8278
Data envío: 25/04/2017 19:38:05.375



Grupo Parlamentario

3ª) Vai empregar a CRTVG a radio e a televisión de Galicia como plataforma de coñecemento do deporte feminino, así como das mulleres deportistas destacadas nas distintas disciplinas deportivas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/04/2017 18:35:26

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 25/04/2017 18:35:31

Noela Blanco Rodríguez na data 25/04/2017 18:35:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/04/2017 18:35:49

María Luisa Pierres López na data 25/04/2017 18:46:27

María Dolores Toja Suárez na data 25/04/2017 18:46:33

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 9284(10/POC-001607)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns da CRTVG para non emitir información respecto do arquivo pola Audiencia Provincial da denuncia dun xornal referida ás afirmacións realizadas polo alcalde de Santiago de Compostela nas redes sociais en relación coa situación fiscal do grupo Editorial Compostela

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

O 24 de abril de 2017, a sección sexta da Audiencia Provincial, con sede en Santiago, arquivou, sen posibilidade de recurso, a denuncia feita polo xornal *El Correo Gallego* que pedía inhabilitar ao alcalde de Santiago, Martiño Noriega, por asegurar, nunha entrada que fixo nas redes sociais, que o grupo Editorial Compostela tiña unhas débedas fiscais avultadas. O que xustificaba que non se contratara publicidade institucional co diario, xa que para contratar ou recibir subvencións se require estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O rexedor de Compostela non cometeu delito ningún, xa que a información que aportou non era ningún segredo. Estes datos xa transcenderan con anterioridade porque a Axencia Tributaria iniciara un procedemento de embargo pola cantidade de 897.441 euros e fora divulgado por un medio dixital un ano antes.

Martiño Noriega deu unha rolda de prensa e espera que esta sentenza supoña un punto de inflexión na actitude do nomeado medio. Defende o papel crítico dos medios de comunicación e cre que deben contrastarse as informacións sen difamar. Tamén amosou a súa solidariedade e respecto pola cabeceira e os traballadores de *El Correo Gallego*.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes preguntas:

1.ª) Por que a CRTVG non recolleu esta información relevante?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9284
Data envío: 18/05/2017 14:26:13.412



2.ª) Hai algunha directriz por parte da Corporación para que non se difunda o caso arquivado pola Audiencia Provincial?

3.ª) Por que a CRTVG só ten interese en coñecer as opinións de Martiño Noriega sobre as cuestións de orzamentos, das liortas de En Marea, ou nos debates internos e non difunde que non cometeu ningún delito?

4.ª) Non colocar esta nova na TVG, non supón un sesgo partidista cara o PP?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/05/2017 14:25:25

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 9338(10/POC-001616)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da desaparición da programación cultural da grella da Televisión de Galicia de xeito progresivo, a suficiencia do espazo "Zig Zag Diario" para o cumprimento do obxectivo de información e promoción da diversidade cultural de Galicia e a valoración pola Dirección da CRTVG da posibilidade de contar con novos espazos culturais, así como as súas previsións respecto do desenvolvemento dalgún espazo específico dirixido aos artistas e ás bandas musicais galegas semellante ao desaparecido "Directos da Galega"

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 10:34
Nº Rexistro: 9338
Data envío: 22/05/2017 10:34:59.448

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a programación cultural da TVG.

“Por que non existimos para a nosa televisión pública que pagamos todas e todos? Nós queremos programas especializados na televisión pública onde o tratamento que se lle dea á música e os músicos sexa o acaído, onde as condicións nas que se desenvolva o noso traballo sexan dignas, que o playback quede desterrado e que a outra opción, a de tocar en directo, non faga realidade o dito de que é peor o remedio que a enfermidade”.

Estas palabras foron pronunciadas pola directiva da Asociación Músic@s ao Vivo no marco dos Premios da Música Martin Códax 2017. A entidade, que congrega cada ano un maior número de bandas e artistas de todos os xéneros musicais desenvolvidos na Galiza, reclamou, entre outras cuestións, presenza nos medios de comunicación públicos a comezar pola TVG. Unha demanda que paradoxicamente foi emitida en diferido pola televisión pública tres días despois de ser pronunciada e a partir das 00.30 horas. Un horario que non fai falta ser persoa experta en medios de comunicación para saber que non é a faixa de maior índice de audiencia da grella.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 10:34
Nº Rexistro: 9338
Data envío: 22/05/2017 10:34:59.448

Progresivamente a CRTVG foi minguando nos últimos anos os espazos culturais, sempre pequenos, que conforman e/ou conformaron a súa programación ficando reducidas a meras seccións no interior de magazines como A Revista ou a un recuncho da segunda canle con apenas 30 minutos de duración co Zig Zag Diario.

No seu interior a música fica engulida, como outros moitos sectores culturais. Falta de tempo, falta de espazo e, uns por outros, silenciada.

Desapareceron proxectos interesantes nos que a música era a protagonista como, Alalá, Os directos da galega ou máis recentemente Musigalité, un programa multiplataforma (TV-Internet) substituído por Musi.gal, que ficou reducido á rede.

A radio e televisión públicas de Galiza son un servizo público que inclúe entre os seus principios inspiradores e como parte do Mandato Marco a “promoción e difusión da cultura e lingua galegas” e o reflexo do pluralismo tamén cultural do noso país. Un obxectivo que non se está a cumprir na actualidade.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

-Por que progresivamente foi desaparecendo da grella da TVG a programación cultural?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 10:34
Nº Rexistro: 9338
Data envío: 22/05/2017 10:34:59.448



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cren que o actual espazo cultural, Zig Zag Diario, con 30 minutos de emisión na segunda canle é suficiente para cumprir co obxectivo de información e promoción da diversidade cultural do noso país que ten encomendada a CRTVG como servizo público?

-Valora a CRTVG na súa reformulación da segunda canle, como anunciou o Director Xeral, contar con novos espazos culturais?

-Ten pensado a CRTVG desenvolver na súa programación algún espazo específico dirixido a artistas e bandas musicais galegas semellantes aos desaparecidos Directos da galega?

-Por que foron suprimidos da grella estes directos?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 10:34
Nº Rexistro: 9338

Data envío: 22/05/2017 10:34:59.448

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2017 10:23:23

Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2017 10:23:29

Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 10:23:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 10:23:38

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 10:23:45

Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2017 10:23:48

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 9492(10/POC-001636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos ao documental titulado "Fátima en Galicia", emitido nas diferentes canles da Televisión de Galicia, así como as previsións da Dirección da CRTVG respecto da emisión no ano 2017 de máis documentais de temática relixiosa

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O Estatuto de Autonomía, no seu artigo 4º,2 atribúe “ós poderes públicos de Galicia, a función de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos no que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todas e todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.

Polo que fai referencia á TVG e a Radiotelevisión de Galicia, é clara a importancia de establecer as maiores garantías en orde precisamente á execución do previsto no artigo 4º, 2 do Estatuto.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social.

O día 10 de maio deste ano emitíase na TVG o documental “Fátima en Galicia”, que segundo a páxina da CRTVG: “céntrase na figura de Lucía dos Santos, considerada como a principal protagonista da aparición da Virxe María na Cova de Iria en Fátima no ano 1917. A peza indaga na vida desta relixiosa que, posteriormente, residiu en conventos de Tui e Pontevedra, onde escribiu sobre novas aparicións marianas que viviu e que foron previamente anunciadas. O programa percorre estes escenarios e analiza os motivos polos que este fenómeno relixioso non alcanzou nestas localidades a mesma proxección que no país veciño”.

Tamén se anunciaba na páxina web da CRTVG esta estrea na TVG2: *“fai 100 anos das aparicións marianas de Fátima e con tal motivo a tvG2*



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

estreará a obra audiovisual “Fátima en Galicia”. Un documental que narra as experiencias de moitas e moitos rapaces galegos tras a súa peregrinaxe ao santuario portugués. Son cincuenta minutos nos que tamén coñeceremos a historia dun matrimonio de Porto do Son que lle profesan tal devoción á Virxe de Fátima que mesmo teñen unha talla de madeira na súa casa”.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que custo tivo para a CRTVG a produción e realización do documental “Fátima en Galicia”?
2. Cal foi a audiencia deste documental nas diferentes canles e franxas horarias da CRTVG nas que se emitiu?
3. Que motivou á Compañía de Radiotelevisión galega a emitir este documental?
4. Cantas horas dedica á semana a TVG á emisión de programación de carácter relixiosa?
5. Ten previsto a CRTVG producir e emitir durante este ano máis documentais de temática relixiosa?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 24/05/2017 13:42:42

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/05/2017 13:42:48

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 10387(10/POC-001771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os cambios no organigrama e na programación da CRTVG

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 18:24
Nº Rexistro: 10387
Data envío: 12/06/2017 18:24:29.239

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre as mudanzas introducidas no organigrama da CRTVG e na programación

O pasado mes de maio a CRTVG promoveu unha profunda re-estruturación do seu organigrama directivo que evidencia a apertura dunha nova etapa para a radio e televisión pública do país.

De facto así o confirmou o propio Director Xeral da CRTVG na Comisión de control da Corporación avanzando que está dirixida a afondar, entre outras cuestións, no proceso de dixitalización.

Neste senso, o Director Xeral asegurou que mudarán o tratamento informativo que terán micro-espazos informativos como O Agro, cuxa programación fica reducida actualmente a apenas dous días de información propia elaborada de maneira diaria emitíndose os demais días contidos xa emitidos en programas anteriores ou re-posicións de informacións dos informativos.

En troca, segundo a información achegada pola Dirección Xeral, apostarase na creación de *sites* temáticos ou específicos no portal web da CRTVG. Cuestión



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 18:24
Nº Rexistro: 10387
Data envío: 12/06/2017 18:24:29.239

que xa acontece, por exemplo, coa información musical trasladada practicamente en exclusiva ao espazo Musi.gal.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Cales son os obxectivos concretos da mudanza introducida no organigrama da CRTVG?

- Como afectará á programación da radio e da televisión públicas esta mudanza?

- Até cando está previsto o mantemento da programación actual e de sufrir modificacións, cando prevén a súa introdución? Con que parámetros ou baixo que criterios?

- Tendo en conta a aposta que semella ter a Dirección Xeral da CRTVG na xeración de espazos web que veñen substituír e/ou pretenden complementar a programación que compón a grella televisiva, cales son os resultados que tivo e estar a ter a experiencia de Musigalité, hoxe Musi.gal, no referido á audiencia (usuarias/os únicas/os da web, seguidoras/es nas redes)?

- Que custe ten este outro formato? Trátase dunha produción propia ou externa?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 18:24
Nº Rexistro: 10387
Data envío: 12/06/2017 18:24:29.239

- Aposta a CRTVG por espallar estes micro-espazos web a outras áreas da programación?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2017 18:22:55

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2017 18:24:07

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2017 18:24:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2017 18:24:10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 18:24
Nº Rexistro: 10387

Data envío: 12/06/2017 18:24:29.239

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2017 18:24:12

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2017 18:24:13

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 14.07.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.9 10624(10/POC-001817)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a información emitida o día 7 de marzo de 2017 no
Telexornal Serán, da TVG, en relación co desenvolvemento da
sesión plenaria do Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, 137, 29.06.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa contestación oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre unha peza informativa do Telexornal Serán do 7 de marzo de 2017.

O 7 de marzo de 2017, o Telexornal Serán da TVG informa que “O PP abandona o pleno do Parlamento galego en sinal de protesta por un chío da secretaria xeral de Podemos en Galicia.”

A peza informativa non sinala que a iniciativa que En Marea defendía nese momento no Pleno do Parlamento era unha petición de fiscalía anticorrupción para Galiza, proposta que o fiscal xeral do Estado comparte.

A peza informativa tampouco menciona en ningún momento que Carmen Santos é Deputada de En Marea e dá por feito que no chío a vicevoceira segunda de En Marea relaciona ás persoas do PP cos crimes machistas.

En toda a peza informativa só saíron falando os deputados do PP Miguel Ángel Tellado Filgueira e Paula Prado del Río, ninguén de En Marea, nin a propia Carmen Santos. De feito, esta deputada de En Marea só sae na peza como voz en off.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral:

- Considera que a peza informativa referida respecta os seguintes principios de actuación en materia de información, liberdade de expresión e formación da



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 10:08
Nº Rexistro: 10624
Data envío: 19/06/2017 10:08:13.567



opinión polos que se rexe a CRTVG conforme ao seu “Mandato Marco”:
obxectividade, imparcialidade, veracidade, neutralidade informativa e
independencia, liberdade de expresión e pluralismo, pluralidade e diversidade
política?

- Considera que a CRTVG ten informado de xeito obxectivo e neutral sobre a
vaga de corrupción no Estado Español nos últimos tempos?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/06/2017 10:07:18